

O que se fai público aos efectos previstos no artigo 62.1,b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Quiroga, a 05 de febreiro de 2014.- O Concelleiro Delegado, José Ángel Rodríguez Raposo

R. 0501

RIOTORTO

Anuncio

Transcribese o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 07/10/13 xunto coa ordenanza aprobada definitivamente.

4.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS A ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL. APROBACIÓN DEFINITIVA NO SEU CASO DA ORDENANZA.

Por Secretaria, de orde da Presidencia deuse conta o pleno do estado do expediente instruído para a aprobación da ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal.

Considerando que polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 03/06/2013 se aprobou a ordenanza citada e se acordou así mesmo expoñela o público polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no BOP e no Taboleiro de anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo os interesados, sendo resoltas as reclamacións e suxerencias que se produzan polo pleno.

Considerando que a exposición pública se anunciou no taboleiro de anuncios e no BOP de 17 de Xuño, presentándose no prazo establecido una reclamación suscrita pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira con rexistro de entrada neste concello en data 09/07/2013 na que se solicita a suspensión inmediata da referida ordenanza e o subseguinte arquivo de todas as actuacións con ela relacionadas.

A reclamación consta no expediente obrante na secretaría municipal.

Visto o informe emitido polo Secretario-Interventor da Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa, informe unido o expediente respectivo e desfavorable a reclamación presentada.

Pola Secretraía municipal se sinala que se asume en tódolos términos o informe antes citado.

A Corporación municipal acorda por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, 8 dos 9 que compoñen o pleno:

1. Rexeitar a reclamación presentada e aprobar definitivamente a ordenanza.
2. Notificar este acordó cos recursos procedentes a Confederación Galega de Empresarios da Madeira.
3. Remitir copia desta ordenanza a administración do Estado, Xunta de Galicia e publicar o texto integro xunto con este acordo no BOP.

ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

PREÁMBULO

O importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal, induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes.

O período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.-

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa.-

Así mesmo, invócase o artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobada polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, como motivación para o ditado das normas que se pretende na presente regulación, así como en materia de sancións por aplicación

supletoria das disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

"TÍTULO I.- XENERALIDADES.

Capítulo 1.- Habilitación normativa.

Artigo 1.- A presente Ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido no Art. 25.2 d) da citada Lei, a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais.

Capítulo 2.- Obxecto e definicións.

Artigo 2.- O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais, dentro do termo municipal de Riotorto, exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos Artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Artigo 3.- Definicións.

- Vía pública: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.
- Camiño: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camiño o viario de dominio e uso público de terra de pequenas dimensións para tráfico local.-
- Estrada: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.-
- Cortas de madeira: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corta a operación silvícola de apeo das árbores, entendéndose por corta de policía as cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.
- Sacas de madeira: Tarefas de extracción, depósito, carga e transporte de madeira procedente de talas forestais que ocupen ou afecten a vías de titularidade municipal.

TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.

Artigo 4.- A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso.

Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenvolvemento se faga uso de vías públicas.

Artigo 5.- Circulación de vehículos pesados.

En función á climatoloxía ou a situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser regulado segundo o tipo de vía, podendo establecerse a prohibición de circular a vehículos de máis de 10 Toneladas, ou segundo a tipoloxía da vía, a tonelaxe que proceda, exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

Artigo 6.- Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveran ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza considéranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao condutor do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos considéranse responsables ao condutor do vehículo e solidariamente ao promotor da obra que xerou ditos entullos.

Artigo 7.- Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarlles cambios de aceite ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emerxencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros con vía pública.

Artigo 8.- Conservación das cunetas e sumidoiros.

Tódolos propietarios das fincas limítrofes a vías públicas terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeiros coas súas propiedades. As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da súa obriga.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos construtivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida supoñer unha obstrución das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicarse en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a súa obstrución. No caso de non comunicalo ao propietario estremeiro asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello resérvase o dereito de realizar ou construír novas cunetas, taxeas ou sumidoiros, que permitan unha mellor distribución das augas co fin de diminuír o dano nas vías públicas e mellorar a súa conservación.

Artigo 9.- Limpeza de fincas e solares estremeiras con vías públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

- a. As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- b. É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública, así como as escorrentas laterais, cunetas e pasos de auga.
- c. Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeiras coa vía pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramas dos árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública. No caso de árbores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.
- d. En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste Artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeiras coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/á propietario/a da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

Artigo 10.- Plantacións.

Para os efectos da distancia de arboredo estarase ao regulado pola lei 7/2012 do 28 de Xuño de Montes de Galicia, (artigo 68) .

Artigo 11.- Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeiras coa vía pública.

O límite da aradura debe ser o límite do noiro ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas debe de sancionarse. En concreto a apropiación das mesmas para a seu cultivo como si foran parte da finca estremeira.

Todos os traballos que impliquen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poidan implicar danos á vía pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da vía pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a súa retirada iniciárase o correspondente expediente sancionador.

Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á vía pública.

Artigo 12.- Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

Artigo 13- Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a vía pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente.

Artigo 14.- Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que teñen que construírse estes accesos por razóns técnicas.

Estes accesos ou salvacunetas deben construírse con tubaría de cemento ou similar con paramentos debidamente reforzados con formigón e cun diámetro mínimo de 40 cm, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para elo. Excepcionalmente poderá obrigarse ao emprego dun diámetro superior cando sexa xustificable por razóns técnicas.

Os gastos de construción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da súa responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luz dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na vía, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

Art. 15.- Cerramentos e edificacións en fincas estremeiros coa vía pública.

Remisión xenérica ao réxime xeral de licencias e obras reguladas na lexislación urbanística.

TÍTULO III.- LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS.

Artigo 16 .- De acordo co establecido no capítulo anterior será precisa licenza ou autorización para as seguintes actividades:

- a. Para o uso das vías municipais na carga e transporte de madeira así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vías e afecte ao seu estado ou conservación.
- b. Para o depósito de madeira ou outros materiais en vía ou espazo público.
- c. Para a construción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.
- d. Para ocupacións temporais da vía pública.
- e. Para o cerramento de fincas estremeiras coa vía pública.
- f. Para a apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.
- g. Colocación de paneis publicitarios.

Artigo 17.- Comunicación para o uso das vías de titularidade do concello

1. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establécese a obriga de comunicar perante o Concello as cortas de madeira que se realicen e que para a súa saca usen as vías de titularidade municipal, así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local.

comunicación será realizada no concello antes de se iniciar a actividade e no caso das cortas ou talas de madeira, o comprador, ou titular da empresa madeireira responsable, antes de iniciar o aproveitamento para solicitar o uso das vías, entregará no concello unha copia do permiso, autorización comunicación ou notificación de que se trate, achegando xunto a comunicación dos traballos a realizar na que se especificarán os datos seguintes:

- a) Titular o titulares da finca ou monte afectado.-
- b) Datos do empresario madeireiro ou comercial extractora.-
- c) Data ou período previsto para a realización do transporte.-
- d) Previsión de Tns. a extraer.-
- e) Localización da finca ou monte afectado.-
- f) Lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar nos traballos e no transporte da madeira ou actividade de que se trate. Para estes efectos achegarase o ITINERARIO completo e datas da súa utilización que vai ser empregado para a actividade ou traballo de que se trate, que será aprobado, condicionado ou rexeitado polo concello.-
- g) Relación de vehículos que se van a utilizar no transporte facendo constar matrículas, tara e PMA de cada un deles.-
- h) Declaración responsable de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.-
- i) O interesado na súa declaración entenderá que as vías públicas a utilizar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.-

Na comunicación farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade.

Xunto coa comunicación presentárase o xustificante de ter depositada a fianza ou depósito, que se establece no punto segundo deste artigo por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente.

2.- O solicitante da autorización do punto anterior, ingresará un depósito ou fianza a favor do Concello, na Tesourería Municipal co obxecto de responder do arranxo dos danos que se puideran producir nos viarios municipais e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira, non reparados voluntariamente na contía que recolle o seguinte cadro e que será devolta de non haber danos ao rematar os traballos:

Tipo de Vía	Garantía
Camiño	1 €/m lineal
Estrada	2 €/m lineal

As cantidades sinaladas no cadro anterior son para un movemento máximo de 260 Tn. debendo corrrixirse por un factor multiplicador de 1,05 por cada intervalo ou fracción, de exceso na mesma cantidade.

3.- A devolución da fianza esixida neste artigo instárase mediante escrito dirixido ao Concello detallando que os traballos quedaron concluídos, así como no seu caso, os posibles danos causados, que deberá ser resolto pola Alcaldía no prazo dun mes trala inspección do servizo técnico municipal, ordenando a devolución pertinente ou requirindo ao titular da autorización para que execute as reparacións precisas.

Transcorrido un mes da resolución sen a realización das obras requiridas, o Concello procederá a execución subsidiaria a costa do solicitante, esixíndolle a este os custos que superen a fianza de ser o caso adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da autorización.

4.- Prohíbese realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; en todo caso, as cunetas quedarán no estado primitivo que tiñan trala tala.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viarios, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns.

5.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, o posuidor dunha autorización para a tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata (no prazo máximo de cinco días) os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

Transcorridos cinco días dende o coñecemento dos danos, infracción ou acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custos, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparellada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo

TÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Capítulo I. Infraccións.

A potestade sancionadora fundaméntase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño en base supletoria ás disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-

Artigo 18.- Son infraccións leves:

- A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 10.000 euros.
- O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos usuarios do mesmo.
- O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeneral dos bens de dominio público.
- O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.
- Colocación de paneis publicitarios fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no artigo 16.g) da presente ordenanza.

- f) Producir danos nas vías de titularidade municipal por manobras efectuadas con maquinaria no desenvolvemento de traballos agrícolas en fincas estremeiras coa devanditas vías, incluíndo o arrastre de terras ou doutros materiais.
- g) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.
- h) Falta de mantemento e limpeza de cunetas.
- i) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

Artigo 19.- Son infraccións graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 10.000 euros e non exceda de 1.000.000 de euros.
- b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.
- c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que lexitima a súa ocupación.
- d) O uso común especial ou privativo de bens de dominio público sen a correspondente autorización ou concesión.
- e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.
- f) A non suxeición e sometemento a licenza, obtida conforme ao procedemento previsto no artigo 16 da presente ordenanza.-
- g) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.
- h) Producir danos nas vías de titularidade municipal por arrastre de apeiros ou maquinaria agrícola.-
- i) O depósito, carga e transporte de mercadorías sen a correspondente comunicación responsable.
- j) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.
- k) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas e gabias.

Artigo 20.- Son infraccións moi graves:

- a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade dun millón de euros.
- b) A usurpación de bens de dominio público.
- c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.
- d) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorran algunha das seguintes circunstancias:
 - a. Malicia ou intencionalidade.
 - b. Irreversibilidade do dano causado.
 - c. Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.

Capítulo II. Sancións.

Artigo 21.- Importe de sancións

A contía das multas establécese supletoriamente polas establecidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, por aplicación da potestade sancionadora recollida no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.-

- a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 10 millóns de euros, as graves con multa de ata un millón de euros, e as leves con multa de ata cen mil euros.
- b) A infracción contemplada no parágrafo f) do artigo 18 sancionarase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunicar a existencia dos saldos e depósitos abandonados, a contar desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obriga.
- c) Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ao grado de culpabilidade deste; consideraranse circunstancias atenuantes, que permitirá reducir a contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinala no correspondente requirimento.
- d) En caso de reincidencia en infraccións graves ou moi graves poderase declarar a inhabilitación do infractor para ser titular de autorizacións e concesións por un prazo dun a tres anos.
- e) Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso fíxese na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarase executivamente polo órgano competente para impoñer a sanción.

Disposición derogatoria.

A presente Ordenanza deroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello desde o momento dende a efectiva aplicación desta Ordenanza

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada o seu texto integro no BOP e trascurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

Riotorto, 06 de Febreiro de 2014.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 0502

SOBER*Anuncio*

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro de 2014 aprobou inicialmente a Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público para venda de material promocional con motivo da Feira do Viño, e a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público para a entrada ó evento anual Festas dos Avós. De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril, e no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os interesados poderán examinar o expediente, e durante o mesmo prazo daraselles audiencia a efectos de que poidan presentar as reclamacións, e facer as alegacións que estimen oportunas.

Transcurrido o devandito prazo sen que se presenten reclamacións, este acordo provisional elevarase a definitivo sin necesidade dun segundo acordo expreso, publicándose en todo caso o texto íntegro das Ordenanzas o as súas modificacións.

En Sober, a 3 de febreiro de 2014.- O ALCALDE, Luis Fernández Guitián.

R. 0503

VILALBA*Anuncio***CORRECCIÓN DE ERRO**

No BOP nº 28 do 4/02/2014 publicouse un anuncio sobre a aprobación definitiva dos "expedientes de modificación das ordenanzas fiscais números 6, 8 e 27", e viuse que os títulos das ordenanzas números 6 e 8 están cambiados, polo que onde se fai referencia á ordenanza fiscal nº 6, debe figurar "r/ licenzas apertura establecementos de actividades sometidas ao Decreto 133/2008 e outros", e onde se fai referencia á ordenanza fiscal nº 8, debe figurar "r/ expedición documentos administrativos".

O que se fai público para os efectos da súa corrección.

Vilalba, 10/02/2014.- O alcalde, Gerardo Criado Guizán

R. 0569

XERMADE*Anuncio***BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS PARA COLABORACION DO CONCELLO NAS FESTAS PARROQUIAIS, ANO 2014.****1.- DISPOSICIÓN XERAIS**

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, para a COLABORACIÓN DO Concello na celebración das festas parroquiais. (Ampárase no título competencial do artigo 25.2.m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na